

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL INSTITUTO GALIEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y LA FUNDACIÓN INSTITUTO CAMERAL PARA LA CREACIÓN Y DESARROLLO DE LA EMPRESA "INCYDE", PARA EL DESARROLLO DE DOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN DENOMINADOS AUTOEMPLEO Y CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL DENTRO DEL PROGRAMA OPERATIVO DE EMPLEO, FORMACIÓN Y EDUCACIÓN (POEFE) COFINANCIADO POR FSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar coa Fundación INCYDE (en adiante INCYDE), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de un ano dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer unha colaboración das partes firmantes para favorecer a posta en marcha de doce accións formativas encamiñadas ao fomento do emprendemento, no marco da recuperación e continuidade de negocios post incendios e xeración de novas actividades. As actividades a desenvolver consistirán nun Programa de emprendemento e autoemprego; e un Programa de diagnose e plans de acción para pequenas e medianas empresas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O maior desafío ao que se enfronta España é a recuperación do emprego. Para reducir o desemprego caben distintas aproximacións e, fomentar o autoemprego, así como as iniciativas empresariais a través da mellora da capacitación empresarial é unha delas. Por esa razón, en España contamos cun Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) cofinanciado polo Fondo Social Europeo para o período 2014-2020

A Fundación INCYDE é beneficiaria dunha axuda para a realización de accións de apoio ao emprendemento dentro Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación 2014-2020, cuxo obxectivo é impulsar iniciativas empresariais e a súa consolidación e sustentabilidade.

A Fundación INCYDE dispón de metodoloxía, equipo técnico e material necesario para desenvolver Programas Formativos no campo do emprendemento, que poidan dar resposta ás inquietudes e iniciativas das persoas ás que se refire este Convenio.

A Fundación INCYDE, complementará a formación recibida por todos os alumnos do programa formativo, coa prestación continua de servizos de valor engadido que permitan, ademais da creación e/ou consolidación da empresa, a súa futura expansión a través de actuacións tales como: acceso aos sistemas de seguimento, e tutorización posterior ao curso; a asistencia a Congresos que organice a Fundación co obxecto de crear novas vías de negocio, aumentar a súa carteira de clientes, e fortalecer e expandir as relacións comerciais das PEMES e emprendedores; a asistencia a foros, mesas redondas, grupos de traballo e talleres, de temáticas que incentiven a innovación, o fortalecemento e a internacionalización das empresas e os emprendedores; así como a adaptación, modernización e evolución das PEMES por medio do acceso á innovación empresarial e a aplicación das novas tecnoloxías.

O Igape é unha entidade pública, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, creado pola Lei 5 / 1992, do 10 de xuño como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego que ten entre as súas funcións, desenvolver unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais da súa contorna, encamiñada a incentivar o nacemento, desenvolvemento e consolidación de novos proxectos empresariais.

O Igape está interesado na recuperación de actividades empresariais e en axudar ás empresas para estar mellor preparadas para continuar coa súa actividade se ven afectadas por un desastre como foi a última onda de incendios, que causaron un dos maiores desastres dos últimos anos, afectando a pequenas e medianas empresas do mundo rural. Ao mesmo tempo está interesado en fomentar o desenvolvemento e consolidación de novos proxectos empresariais, a través da formación e tutorización das persoas que os desenvolvan.

Que a Fundación INCYDE e o IGAPE desexan promover unha serie de accións que incidan directamente na aplicación de novas tecnoloxías e a mellora das existentes con obxecto de apoiar a recuperación de actividades empresariais e na promoción de novas iniciativas empresariais, así como a actividade competitiva do tecido empresarial.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O xerente da Oficina Competitiva Igape Nova